

BASES REGULADORAS DO PLAN TERMAL

“Depotermal” 2018

No artigo 2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, defínense os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos marcados nesta lei.

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, convoca a terceira edición do plan “Depotermal”.

Trátase dun plan cun claro obxectivo social, xa que lles facilita o acceso ao turismo de saúde a persoas que doutro modo non poderían beneficiarse da súa dobre función –como período de vacacións e tamén como tratamento sanitario– e que ademais ofrece bos resultados en termos de sustentabilidade económica para a provincia.

Así mesmo, tamén pretende ser un plan dinamizador da economía da provincia, co que se impulsen a creación e o mantemento de postos de traballo no sector turístico durante os períodos de menor actividade, desestacionalizando a demanda.

BASES

Base primeira. Obxecto

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da convocatoria pública, por parte da Deputación, do plan de termalismo social “Depotermal”. Este ten por finalidade fomentar o envellecemento activo e mellorar a calidade de vida das persoas, establecendo novas relacións sociais e favorecendo a participación en actividades que melloren o seu estado anímico, por medio de movementos de participación e cooperación social que promovan espazos de encontro e intercambio de experiencias co fin de evitar o illamento e as situacións de soidade que poidan levar á vulnerabilidade.

Poderán adherirse a este plan todos os concellos da provincia de Pontevedra.

O plan termal da Deputación “Depotermal” 2018 pon en marcha dous programas termais:

- a) Programa de asistencia diaria a balnearios durante cinco días consecutivos
- b) Programa termal con pernoita

Base segunda. Persoas beneficiarias

2.1. Poderán beneficiarse do plan termal as persoas empadroadas na provincia de Pontevedra que non padezan ningunha enfermidade ou patoloxía incompatible coa actividade do plan e que cumpran algún dos seguintes requisitos:

- a) Nacer antes do 1 de xaneiro de 1968, feito que se deberá acreditar cunha fotocopia do documento nacional de identidade (DNI) ou co número de identidade de estranxeiro (NIE), xunto coa copia compulsada da tarxeta de identidade de estranxeiro, tarxeta familiar de cidadán da Unión Europea ou certificado do rexistro central de estranxeiría ou do rexistro de cidadanía da Unión Europea, segundo o caso
- b) No caso de nacer o 1 de xaneiro de 1968 ou nunha data posterior, ter a condición de pensionista polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvez ou outras pensións, para o que se deberá achegar unha fotocopia do certificado correspondente
- c) No caso de nacer o 1 de xaneiro de 1968 ou nunha data posterior, ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %, o que se acreditará coa tarxeta ou certificado de recoñecemento do grao de discapacidade
- d) Precisar dun respiro familiar, o que se acreditará mediante o modelo de informe (modelo número 231.003 B) da traballadora ou traballador social dos servizos sociais comunitarios básicos

2.2. No caso de parellas que desexen participar no plan de forma conxunta, é preciso que as dúas persoas cumpran os requisitos esixidos nestas bases.

As persoas beneficiarias deben reunir ademais os seguintes requisitos:

- a. Non padecer alteracións de comportamento que poidan perturbar a normal convivencia nos establecementos, nin padecer unha enfermidade transmisible con risco de contaxio
- b. Poder valerse de maneira autónoma para as actividades da vida diaria

Base terceira. Adhesión dos concellos

3.1. Todos os concellos da provincia de Pontevedra poderán sumarse ao plan mediante un acordo de adhesión (modelo número 231.003 D) adoptado polo órgano competente, remitindo unha certificación expedida pola secretaría do concello que corresponda.

3.2. As bases reguladoras publicaranse no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) e, posteriormente, remitirase a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO, sen prexuízo da súa inserción na web www.depo.gal e no taboleiro de anuncios.

3.3. O prazo para a presentación de solicitudes empezará o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO e rematará en 20 días naturais.

Se o último día do prazo coincidise en festivo este prorrogarase ata o seguinte día hábil.

3.4. Os concellos que se adhiran ao plan actuarán como entidades colaboradoras na súa xestión e deberán cumprir coas obrigas que se establezan nas bases reguladoras segundo o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

Esta adhesión supón a obriga de rexistrar cada solicitude das persoas empadroadas no formulario web que a institución provincial habilitará para que cubran as e os profesionais responsables dos concellos, segundo o establecido na base sétima desta convocatoria.

Así mesmo deberán determinar as usuarias e usuarios que se beneficiarán daquelas prazas reservadas para persoas en situación ou risco de exclusión social, o que se acreditará mediante valoración social da traballadora ou traballador social dos servizos sociais comunitarios municipais, de acordo co establecido na base quinta.

Base cuarta. Descrición do plan

4.1. O plan "Depothermal" 2018 pon en marcha dous programas termais cun total de 4.434 prazas:

- a) Programa termal de asistencia diaria a balnearios durante cinco mañás ou tardes consecutivas, que contará con 1.248 prazas
- b) Programa termal con pernoita en réxime de pensión completa, de domingo a venres, que contará con 3.186 prazas

a) Programa de asistencia diaria

Consiste en pasar cinco días consecutivos (de luns a venres), en quenda de mañá ou de tarde, utilizando durante un mínimo de dúas horas as instalacións dun balneario, talaso, *spa* ou outras instalacións de características similares da provincia de Pontevedra. Inclúense os traslados en autobús, con guía acompañante, desde os concellos de orixe ata o establecemento escollido e viceversa.

Os traslados en autobús só se prestarán no caso de que haxa un número mínimo de persoas por parada en cada concello, segundo se determine na oferta técnica da empresa adxudicataria.

As persoas beneficiarias do programa poderán elixir indistintamente, no momento da solicitude, o establecemento que máis as satisfaga entre os ofertados pola empresa adxudicataria, entendendo que a asignación de prazas neste establecemento estará suxeita á dispoñibilidade.

b) Programa termal con pernoita en réxime de pensión completa

Este programa caracterízase por ofrecer unha estancia de seis días e cinco noites nun hotel con balneario, talaso, *spa* ou outras instalacións de características similares da provincia de Pontevedra, en réxime de pensión completa e con actividades de animación sociocultural.

O paquete inclúe, ademais da estadia e da pensión completa (coas bebidas incluídas), a utilización do *spa*, do balneario ou doutras instalacións de características similares un mínimo de dúas horas ao día, e os traslados en autobús desde os concellos de orixe ata o establecemento escollido e viceversa.

Os traslados en autobús só se prestarán no caso de que haxa un número mínimo de persoas por parada en cada concello, segundo se determine na oferta técnica da empresa adxudicataria.

A entrada no hotel será os domingos pola tarde e a saída os venres despois do xantar.

As persoas beneficiarias do programa poderán elixir indistintamente, no momento da solicitude, o establecemento que máis as satisfaga entre os ofertados pola empresa adxudicataria, entendendo que a asignación de prazas estará suxeita a dispoñibilidade.

4.2. A achega económica de cada persoa beneficiaria no establecemento elixido incluírá a asignación dun cuarto dobre, agás que por causas non imputables á persoa ou por circunstancias debidamente acreditadas documentalmente deba ocupar un cuarto individual.

As persoas que demanden expresamente un cuarto individual deberán aboar o custo adicional que corresponda e que poderá variar segundo o establecemento de destino que determine a empresa adxudicataria do programa na súa proposta técnica.

Base quinta. Orzamento e financiamento

5.1. A contía consignada para este plan ascende, no ano 2018, a cento dous mil euros (102.000 €), con cargo á aplicación 18/231.2311.227.07 do Orzamento provincial, sen prexuízo

de que o mencionado crédito sexa ampliado, para o que deberá terse en conta o disposto no artigo 58 do Regulamento da Lei xeral de subvencións (RLXS).

5.2. Poderán ser beneficiarias das prazas de reserva subvencionadas as persoas dos concellos adheridos que cumpran os requisitos establecidos na base segunda, carezan de recursos económicos suficientes para facerlle fronte ao custo do programa e o xustifiquen mediante unha valoración da traballadora ou traballador social dos servizos sociais comunitarios municipais, que reflicta esta circunstancia: situación ou risco de exclusión social, escasos recursos económicos e idoneidade do programa para a persoa usuaria solicitante.

Este documento, e o informe de respiro familiar se é o caso, remitiranse directamente desde os servizos sociais comunitarios municipais a este organismo provincial, segundo se establece na base sétima desta convocatoria, no prazo máximo de 15 días naturais desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes para as persoas solicitantes.

5.3. As persoas dos concellos que non se adhiran a “Depotermal” 2018 e que estean interesadas en participar poderán entregar a solicitude en calquera das formas que se detallan na cláusula oitava e non poderán optar ás prazas de reserva para persoas en situación ou risco de exclusión social.

5.4. Para que neste plan poidan participar todas as persoas que cumpran os requisitos, independentemente da súa situación económica, a Deputación subvencionará prazas nos dous programas nos seguintes termos:

a) **No caso do programa de asistencia diaria:**

Das 1.248 prazas totais ofertadas nesta modalidade:

- 1.000 prazas: a Deputación subvencionará 40 euros por praza, o que supón un total de 40.000 €
- 248 prazas (4 por concello adherido): a Deputación subvencionará 100 € por praza, o que supón un total de 24.800 euros, para os casos de situación ou risco de exclusión social, escasos recursos económicos e idoneidade do programa para a usuaria ou usuario solicitante

b) **No caso do programa con pernoita:**

Das 3.186 prazas ofertadas nesta modalidade:

- 3.000 prazas: as persoas beneficiarias aboarán a cantidade total resultante do prezo de adxudicación
- 186 prazas (3 por concello adherido): a Deputación subvencionará 200 € do custo total do programa, o que supón un total de 37.200 euros, para os casos de situación ou risco de exclusión social, escasos recursos económicos e idoneidade do programa para a usuaria ou usuario solicitante

5.5. Os prezos dos dous programas expoñeranse ao público en www.depo.gal e daranse a coñecer a través dos medios de comunicación unha vez se adxudique o programa.

5.6. No caso de que non se cubran as prazas para as persoas en situación de vulnerabilidade en cada modalidade do programa, o crédito retido para estas prazas pasará a incorporarse á concesión de prazas ordinarias.

Base sexta. Documentación dos concellos adheridos

Os concellos participantes, logo de finalizado o prazo de presentación de solicitudes das persoas beneficiarias no seu concello, deberán remitirle ao Servizo de Cohesión Social e Xuventude da institución provincial:

- a) Os xustificantes electrónicos de cada solicitante xerados durante o proceso de prescrición no concello, xunto coa documentación requirida. Esta documentación remitiráselle ao Servizo de Cohesión Social e Xuventude, a través do Rexistro xeral da Deputación ou das oficinas de rexistro da institución provincial sinaladas na cláusula oitava destas bases.
- b) No caso das prazas reservadas subvencionadas deberán enviar a valoración social (modelo número 231.003 C) referida na base quinta. Esta debe xustificar a escaseza de recursos económicos e/ou a situación ou risco de exclusión social que faga adecuada a participación da persoa usuaria como beneficiaria das prazas de reserva subvencionadas, ademais da idoneidade do programa para a usuaria ou usuario solicitante.

No caso de existir máis solicitudes que prazas de reserva subvencionadas por concello adherido, deberá achegarse unha relación nominal (modelo número 231.003 E) que dea prioridade ás persoas usuarias que poderán beneficiarse destas prazas, tendo en conta o seguinte baremo e reflectindo a puntuación obtida:

1. Persoas usuarias cuxa unidade de convivencia participe nalgún dos programas e servizos comunitarios básicos reflectidos no artigo 9 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento: **4 puntos**
2. Por cada un dos membros da unidade de convivencia en situación laboral de desemprego: **2 puntos**
3. Por cada un dos membros da unidade de convivencia que reúna a condición de titular de pensión non contributiva ou RISGA: **3 puntos**
4. Por cada membro da unidade familiar afectado por discapacidade, dependencia recoñecida ou enfermidade: **2 puntos**
5. Por vivir soa ou só e carecer de familiares e/ou redes de apoio: **3 puntos**
6. Por pertencer a unha unidade de convivencia na que un dos membros teña a condición de muller vítima de violencia de xénero: **2 puntos**
7. Por ter a condición de persoa coidadora non profesional dunha ou dun familiar ata o terceiro grao por consanguinidade: **2 puntos**
8. Por renda per cápita (RPC) mensual da unidade de convivencia, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente:

Inferior ao 30 % do IPREM	4 puntos
Entre o 30 % e inferior ao 50 % do IPREM	3 puntos
Entre o 50 % e inferior ao 75 % do IPREM	2 puntos
Entre o 75 % e o 100 % do IPREM	1 punto

No caso de obter igual puntuación terán preferencia aquelas solicitudes que teñan puntuada a renda per cápita máis baixa.

Se persiste o empate atenderase aos seguintes criterios segundo esta orde:

- Solicitudes con maior puntuación por membros afectados por discapacidade, dependencia recoñecida ou enfermidade
- Solicitudes con maior puntuación por membros da unidade de convivencia que reúnan a condición de titulares de pensión non contributiva ou RISGA

Base sétima. Documentación das persoas participantes

As solicitudes deberán formularse seguindo o formulario web ou o modelo número 231.003, que se facilitará no Rexistro xeral da Deputación, no da súa sede de Vigo ou en www.depo.gal.

Deberanse cubrir todos os apartados da solicitude, sinalando só un establecemento termal para cada modalidade do programa.

Así mesmo, deberase achegar unha copia do DNI ou NIE (neste último caso, deberá achegar a copia da tarxeta de identidade de estranxeiro, tarxeta familiar de cidadán da Unión Europea ou certificado do Rexistro central de estranxeiría ou do Rexistro da cidadanía da Unión Europea, segundo proceda), certificado da pensión, a tarxeta ou o certificado de recoñecemento do grao de discapacidade, ou o informe da traballadora ou traballador social dos servizos sociais comunitarios básicos para xustificar a condición de persoa beneficiaria do respiro familiar, tanto no caso da persoa solicitante coma da acompañante. Ademais, deberán achegar un volante de empadramento do ano en curso.

No caso das prazas reservadas subvencionadas deberá remitirse a valoración social referida na base quinta nos termos establecidos nesta convocatoria.

Cando o considere, o Servizo de Cohesión Social e Xuventude requirirá a documentación que sexa necesaria para completar o expediente.

No caso de presentarse máis dunha solicitude, terase en conta só a data da primeira presentada no Rexistro xeral.

Base oitava. Prazo e lugar de presentación de solicitudes das persoas beneficiarias

8.1. O prazo de inscrición será de 30 días naturais a partir do día seguinte ao da publicación na web da lista de concellos adheridos.

A publicación das datas de inscrición farase en www.depo.gal.

As solicitudes para participar nesta convocatoria deberán presentarse dunha das seguintes formas:

a) Presentación de solicitudes mediante formulario web

1.º Prescrición a través de www.depo.gal:

Cubrir os datos do formulario oficial de solicitude e premer o botón "enviar", a continuación descargar e imprimir o xustificante electrónico xerado pola páxina web tras realizar o envío. Este xustificante incluírá un código único de prescrición.

2.º Presentar o xustificante electrónico xerado durante o proceso de prescrición, xunto coa documentación establecida nesta mesma base, no Rexistro xeral da institución provincial ou en calquera das formas descritas dentro do prazo establecido nesta mesma base.

Para as persoas participantes de concellos adheridos ao plan termal "Depotermal" 2018 prégase que preferentemente se opte pola presentación mediante o formulario web acudindo ao departamento de servizos sociais do concello de residencia, no que lles axudarán a cubrir o formulario electrónico. Poderase consultar a lista de concellos adheridos na páxina da Deputación a partir da finalización do prazo de adhesións dos concellos definido nestas bases.

b) Presentación de solicitudes mediante formulario impreso

No caso de non poder realizar a prescrición a través de www.depo.gal deberase presentar a solicitude no Rexistro xeral da institución provincial ou de calquera das formas descritas nesta base.

Os modelos de solicitude estarán á disposición das persoas interesadas na Oficina de Información á Cidadanía da institución provincial, na súa oficina de Vigo e en www.depo.gal.

Tamén poderán entregarse no Rexistro electrónico www.sede.depo.es, de conformidade co establecido no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de enviarse por correo postal (ao Rexistro da Deputación) o envío deberá ser certificado co selo de Correos no formulario da solicitude para garantir que a data de remisión estea incluída no prazo de presentación de solicitudes desta convocatoria.

As solicitudes remitidas por correo que non cumpran este requisito teranse por presentadas para todos os efectos no mesmo día en que teñan entrada no Rexistro xeral da Deputación, independentemente da data de presentación na oficina de Correos.

No suposto de que as prazas ofertadas non queden cubertas esta institución provincial reservarase o dereito a abrir un novo prazo de inscrición.

Base novena. Procedemento de concesión das prazas

9.1. A concesión destas prazas realizarase polo réxime de concorrencia competitiva.

O órgano instructor dos expedientes será, de acordo coa competencia para coñecer e resolver as solicitudes, a xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude e a adxudicación corresponderalle

á Xunta de Goberno. Excepcionalmente, por razóns de urxencia xustificada, poderá autorizarse por resolución da deputada delegada de área, que dará conta con posterioridade á Xunta de Goberno.

9.2. O procedemento de concesión levarase a cabo na seguinte orde:

- 1) Solicitantes das 434 prazas reservadas para persoas en situación e/ou risco de exclusión social dos concellos adheridos ao programa
- 2) Solicitantes que acrediten a condición de pensionistas, con prioridade para quen teña menor capacidade económica. No caso de igualdade de capacidade económica, terase en conta a idade, de maior a menor
- 3) Solicitantes que precisen dun respiro familiar e que o acrediten. En caso necesario, se persiste a igualdade nesta epígrafe, terase en conta a idade das persoas solicitantes, de maior a menor
- 4) Solicitantes residentes nos concellos adheridos ao programa
- 5) De persistir o empate, a concesión será por orde de presentación de solicitudes, e se houberse máis solicitudes que prazas a adxudicar na derradeira data de presentación no Rexistro que se teña en conta, o desempate farase por sorteo

Para poder establecerse a prioridade como pensionista, nos casos de dúas persoas nunha mesma solicitude, ambas deberán presentar a xustificación de ingresos económicos e farase a media aritmética das dúas contías. No caso de que unha das persoas solicitantes non perciba ingresos deberá xustificalo documentalmente.

Así mesmo farase a media aritmética das idades da persoa solicitante e da acompañante.

Base décima. Relación de persoas admitidas

A Xunta de Goberno aprobará a relación de persoas admitidas e excluídas, xunto coas causas da súa exclusión, que se publicará en www.depo.gal.

Excepcionalmente, por razóns de urxencia xustificada, poderá ser aprobada por resolución da deputada delegada de área, que dará conta con posterioridade á Xunta de Goberno.

No modelo de solicitude do programa habilitarase un campo para que as persoas solicitantes que así o autoricen indiquen o número de teléfono móbil no que recibir avisos relacionados co programa a través do envío dunha mensaxe de texto.

Base décimo primeira. Obrigas das persoas participantes

11.1. As persoas participantes aboaranlle á empresa adxudicataria, unha vez confirmada a súa admisión no plan, a cantidade resultante do proceso de adxudicación para o balneario, *spa* ou instalación escollida ou similar, xa descontada a subvención da Deputación.

11.2. O aboamento da cantidade final farase do xeito que se determine por acordo coa empresa adxudicataria do programa, preferiblemente mediante transferencia bancaria e no prazo que fixe a empresa, se ben estará permitido calquera medio de pagamento admitido en dereito acordado entre ambas as partes, sempre que quede constancia do pagamento efectivo e do número de persoas participantes.

Unha vez asignada a praza, deberán acordar coa empresa adxudicataria unha data de saída.

Unha vez acordada a data, a empresa poderá solicitarlles ás persoas participantes o aboamento dunha parte do custo da praza en concepto de reserva que non superará o 25 % do prezo total. A contía restante será aboada, nos termos en que ambas as partes o acorden, antes da data de saída.

No caso de que non se acade un acordo de data, tras realizar como mínimo tres chamadas telefónicas en dous meses distintos, anularase a concesión da praza.

Esta cantidade só poderá ser reintegrada no suposto de que exista un motivo debidamente xustificado que lle impida á persoa participante asistir.

Base décimo segunda. Desenvolvemento do programa

A Deputación ofertará o programa a través dunha empresa especializada na materia, responsable da súa execución, coordinación e avaliación, e con persoal especializado.

Nos autobuses irá unha ou un guía oficial responsable de lle entregar a cada persoa o bono de viaxe coas datas e as horas de recollida para toda a semana. Esta persoa informará tamén das coberturas do seguro para o programa e resolverá todas as dúbidas ao respecto.

Tamén se dispoñerá dun servizo de atención ao público por vía telefónica para calquera dúbida que puidese xurdir.

Calquera anomalía que se advirta sobre o bo desenvolvemento do programa deberá comunicarse ao Servizo de Cohesión Social e Xuventude da institución provincial.

Base décimo terceira. Protección de datos

De acordo co artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos recollidos no modelo desta convocatoria resultan necesarios para a adxudicación das prazas dentro do plan “Depotermal” 2018.

As entidades locais e as persoas solicitantes consenten, ao se adheriren a este plan, que os datos deste expediente queden incorporados aos ficheiros informáticos da institución provincial. Os datos persoais recollidos serán incorporados e tratados en ficheiros coa finalidade de conter a información das persoas que participan nos programas financiados pola Deputación. Serán inscritos na Axencia Española de Protección de Datos e poderán ser incluídos na páxina web.

Co fin de lograr a efectiva difusión deste programa para as vindeiras convocatorias e co obxectivo de garantir os principios de transparencia, accesibilidade da información e veracidade (artigo 2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno), recolleranse fotografías das instalacións e das persoas participantes, que poderán empregarse para noticias contidas en xornais e publicacións, e incluso divulgadas tanto a través de servizos da sociedade da información coma no sitio web da institución provincial.

Coa sinatura da solicitude de participación autorízase a captura de imaxes das actividades que se realicen nos mencionados establecementos, que serán incorporadas ao ficheiro da Deputación, e a publicación destas imaxes para a promoción e difusión do propio programa de balnearios. Tamén se autoriza a utilización do teléfono móbil e do correo electrónico como forma de contacto, aviso e comunicación por parte da institución provincial coa persoa solicitante.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer ante as oficinas do Rexistro da Deputación nos termos establecidos nos artigos 15, 16 e 17 da citada lei orgánica.

Base décimo cuarta. Publicidade

En toda a publicidade que se elabore deberanse facer constar a organización e a colaboración do organismo provincial mediante a inclusión da súa imaxe institucional, de conformidade co artigo 31 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Para todo o relacionado coa publicidade, a empresa adxudicataria dirixirase ao correo electrónico cohesionsocialexuventude@depo.es.

Base décimo quinta. Prazo de vixencia

As bases que regulan este plan terán vixencia ata o 31 de decembro de 2018.

Base décimo sexta. Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións
- Real decreto 1971/1999, de 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
- Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- Lei 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal
- Bases de execución do Orzamento provincial vixente